

## 4.5. educación

O obxectivo deste capítulo é a análise da educación en Galicia, para o que se segue a seguinte estrutura: partindo da presentación dos presupostos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e do nivel educativo da poboación segundo os datos da EPA, analízase, dunha banda, a educación non universitaria (educación infantil e primaria, e educación secundaria: ESO, BUP e COU, FP) en base ó alumnado, profesorado e centros de ensino; por outra, estúdase a educación universitaria nos tres campus universitarios atendendo o número de alumnos e as súas preferencias; finalmente, considéranse “outros” estudos non universitarios, como escolas oficiais de idiomas, escolas de arte ou conservatorios de música.

Para a realización do mesmo, tense en conta os datos facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a EPA, o Ministerio de Educación y Cultura, a Dirección

Xeral de Universidades, os Presupostos da Xunta e a Comisión Universitaria de Galicia.

O **presuposto** da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2000, **cadro 4.5.1.**, ascendeu a 240.179 millóns de pesetas, un 5,9% superior ó do ano anterior, cando se dedicaron un total de 226.812 millóns de pesetas. A súa partida máis importante, a pesares de que continúa o seu descenso relativo no total do presuposto de educación, é a de gastos de persoal, que foi, no ano 2000, de 144.193 millóns de pesetas.

No marco dos presupostos, ó programa 353 E “Fomento da lingua galega” dedícase unha cantidade similar á do ano anterior, 2.797 millóns de pesetas, o que representa o 1,2% do total do presuposto consolidado da devandita consellería.

Dos 2.797 millóns de pesetas do programas 353 E, a Dirección Xeral de Política Lingüística

CADRO 4.5.1.

**Presupostos da Consellería de Educación 1999-00**

	1999	2000	00/99
	<i>(en millóns de pesetas)</i>		
<b>Capítulo I</b>	137.380	144.193	5,0
<b>Resto</b>	89.432	95.986	7,3
<b>Total</b>	226.812	240.179	5,9

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 4.5.2.

**Poboación activa 1999-00: distribución segundo sexo e nivel de estudos**

	1999	2000
	<i>(medias anuais)</i>	
	<i>(en miles de persoas)</i>	
<b>Homes</b>	647,7	666,7
Analfabetos	0,7	1,1
Sen estudos	30,3	32,7
Primarios	214,8	196,1
Medios	331,2	314,9
Nivel anterior a superiores	29,5	80,7
Superiores	41,3	41,3
<b>Mulleres</b>	476,2	491,3
Analfabetos	2,0	2,4
Sen estudos	32,5	39,2
Primarios	138,1	117,1
Medios	218,7	207,9
Nivel anterior a superiores	47,3	82,6
Superiores	37,7	42,3
<b>Total</b>	1.123,9	1.158,0
Analfabetos	2,7	3,5
Sen estudos	62,7	71,9
Primarios	353,0	313,2
Medios	549,8	522,8
Nivel anterior a superiores	76,8	163,2
Superiores	79,0	83,5

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

dedica un total de 900 millóns a convenios con medios de comunicación, e un total de 322,1 millóns de pesetas a campañas de normalización lingüística.

A **poboación ocupada** na educación en Galicia, segundo os datos da EPA amosados no **cadro C.3.2.** (*Poboación ocupada 1999-00: distribución por ramas de actividade*), segue descendendo no ano 2000 para situarse nas 45,7 miles de persoas (47,7 miles de ocupados no ano anterior). No ano 2000 o número de profesores nos centros de educación non universitarios ascendeu a 34,7 miles de persoas, o que representa o 75,9% da poboación ocupada na educación segundo a EPA.

O **nivel educativo** da poboación galega pode deducirse do datos recollidos no **cadro 4.5.2.**, que indica que no ano 2000 prodúcese un

aumento da poboación pertencente ós grupos “analfabetos” e “sen estudos”, que pasan dende os 2,7 e 62,7 miles de activos do ano 1999 ata os 3,5 e 71,9 miles de persoas, respectivamente. En termos relativos, aumenta o peso relativo destes grupos de persoas no total da poboación activa galega, que no ano 2000 foi de 0,3% e 6,2%.

O aumento experimentado entre as persoas cun nivel de estudos “anterior a superiores” e “superiores” foi de 86,4 e 4,5 miles de persoas, respectivamente, para acadalos 163,2 e 83,5 miles de persoas. En termos relativos, representan o 14,1% e 7,2%, respectivamente, fronte ós 6,8% e 7% do ano precedente.

O número de alumnos e alumnas matriculados nos centros non universitarios no curso 1999-00 segue coa súa tendencia á baixa iniciada nos últimos anos da década anterior e a un

## CADRO 4.5.3.

Alumnos matriculados en centros de ensino nas CC.AA. nos cursos 1998-99 e 1999-00 <sup>(1)</sup>

	curso 98-99	curso 99-00	99-00 / 98-99 (%)
Andalucía	1.469.239	1.440.470	-2,0
Aragón	181.611	179.119	-1,4
Asturias	159.876	153.301	-4,1
Baleares	140.105	140.397	0,2
Canarias	344.313	341.364	-0,9
Cantabria	88.351	84.816	-4,0
Castela e León	399.478	389.543	-2,5
Castela - A Mancha	318.641	316.344	-0,7
Cataluña	1.027.322	1.002.858	-2,4
C. Valenciana	700.865	691.187	-1,4
Extremadura	207.272	204.283	-1,4
<b>Galicia</b>	<b>441.614</b>	<b>427.781</b>	<b>-3,1</b>
Madrid	903.249	897.233	-0,7
Murcia	231.953	231.532	-0,2
Navarra	83.833	82.532	-1,6
País Vasco	329.793	321.523	-2,5
Rioxa	42.943	42.374	-1,3
Ceuta	15.489	15.757	1,7
Melilla	14.211	14.912	4,9
<b>Total</b>	<b>7.100.158</b>	<b>6.977.326</b>	<b>-1,7</b>

(1) inclúe o alumnado matriculado en E. Infantil/Preescolar, E. Primaria/Preescolar, ESO, BUP, COU, Bach. LOGSE, Bach. Experimental, FP, Garantía Social, Ciclos Formativos/Mód. Profesionais, e Ed. Especial.  
Non inclúe os alumnos de E. a distancia  
Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

ritmo superior ó existente no conxunto estatal. Mentres que en Galicia o descenso foi do 3,1% respecto ó curso anterior, a nivel estatal a caída foi dun 1,7%, tal e como reflicte o **cadro 4.5.3**. Comparado coas outras comunidades autónomas, o descenso rexistrado en Galicia é un dos máis importantes, superado tan só por Asturias (-4,1%) e Cantabria (-4,0%).

### Educación infantil e primaria

Atendendo ós datos recollidos no **cadro 4.5.4.**, o número de centros de educación infantil e primaria en Galicia foi de 1.409 e 1.126, respectivamente, que supoñen o 9% e o 8,1% do total de centros de educación infantil e primaria en España. Do total dos centros de educación infantil e primaria, o 83,1% son centros públicos, en tanto que o 16,9% restante son centros privados.

En canto ó número de alumnos e alumnas matriculados en Galicia nos centros de **educación infantil**, no curso 1999/00 continúa o descenso experimentado no curso anterior. Neste curso o número de alumnos ascendeu a 55.244, un 3,8% menos que no curso anterior. Os rapaces e rapazas que reciben a educación infantil

son un 12,9% do total de alumnos galegos non universitarios. De todos eles, o 70,1% acude a centros públicos e o 29,9% restante, a centros privados (**cadro 4.5.5**).

No concenrente á **educación primaria**, o **cadro 4.5.5**. reflicte que son 145.245 os alumnos matriculados, o que supón o 34% do total de alumnos galegos. De todos eles, o 70,7% estudia en centros públicos e un 29,3% en centros privados. Comparado co curso anterior, descende un 3,2% o número de alumnos nos centros de educación primaria.

Para atender a estes alumnos, Galicia conta con 14.751 profesores de educación infantil e primaria, dos que o 80,2% imparten clases en centros públicos e o 19,8% restante o fai en centros privados. Xunto a eles, un total de 1.261 profesores compatibilizan o ensino en educación primaria e infantil e na educación secundaria (**cadro 4.5.6**).

Comparado co curso anterior, prodúcese un aumento no número de profesores que dan clase nos centros de educación infantil e primaria (823 profesores máis), producíndose este aumento, a diferenza do acontecido no curso

CADRO 4.5.4.

Centros de ensino en funcionamento no curso 1999-00

	Galicia					Total España		
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	CC.AA. competencias	Territorio MEC	Total
<b>Ed. infantil</b>								
Pública	1.178	509	147	120	402	7.200	4.147	11.347
Privada	231	95	19	25	92	2.848	1.548	4.396
<b>Total</b>	<b>1.409</b>	<b>604</b>	<b>166</b>	<b>145</b>	<b>494</b>	<b>10.048</b>	<b>5.695</b>	<b>15.743</b>
<b>Ed. Primaria</b>								
Pública	928	399	141	108	280	6.648	3.809	10.457
Privada	198	73	19	23	83	2.122	1.313	3.435
<b>Total</b>	<b>1.126</b>	<b>472</b>	<b>160</b>	<b>131</b>	<b>363</b>	<b>8.770</b>	<b>5.122</b>	<b>13.892</b>
<b>Ed. Especial (1)</b>								
Pública	15	5	4	2	4	322	126	448
Privada	22	10	-	-	12	192	115	307
<b>Total</b>	<b>37</b>	<b>15</b>	<b>4</b>	<b>2</b>	<b>16</b>	<b>514</b>	<b>241</b>	<b>755</b>
<b>E. Sec. Obligatoria</b>								
Pública	415	151	58	46	160	3.963	2.614	6.577
Privada	179	61	17	23	78	1.898	1.313	3.211
<b>Total</b>	<b>594</b>	<b>212</b>	<b>75</b>	<b>69</b>	<b>238</b>	<b>5.861</b>	<b>3.927</b>	<b>9.788</b>
<b>BUP e COU</b>								
Pública	121	49	16	18	38	598	225	823
Privada	73	35	2	11	25	317	499	816
<b>Total</b>	<b>194</b>	<b>84</b>	<b>18</b>	<b>29</b>	<b>63</b>	<b>915</b>	<b>724</b>	<b>1.639</b>
<b>Bacharelato LOXSE</b>								
Pública	73	28	13	7	25	1.265	969	2.234
Privada	2	1	1	-	-	480	126	606
<b>Total</b>	<b>75</b>	<b>29</b>	<b>14</b>	<b>7</b>	<b>25</b>	<b>1.745</b>	<b>1.095</b>	<b>2.840</b>
<b>Bacharelato Experimental</b>								
Pública	-	-	-	-	-	-	-	-
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Total</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>
<b>F.P.</b>								
Pública	89	31	14	15	29	473	145	618
Privada	29	16	-	2	11	249	101	350
<b>Total</b>	<b>118</b>	<b>47</b>	<b>14</b>	<b>17</b>	<b>40</b>	<b>722</b>	<b>246</b>	<b>968</b>
<b>Cic. Form. /Mód. Prof.</b>								
Pública	140	59	24	17	40	992	625	1.617
Privada	50	25	2	3	20	434	252	686
<b>Total</b>	<b>190</b>	<b>84</b>	<b>26</b>	<b>20</b>	<b>60</b>	<b>1.426</b>	<b>877</b>	<b>2.303</b>
<b>Progr. Garantía Social</b>								
Pública	38	19	5	6	8	385	426	811
Privada	15	9	-	3	3	124	113	237
<b>Total</b>	<b>53</b>	<b>28</b>	<b>5</b>	<b>9</b>	<b>11</b>	<b>509</b>	<b>539</b>	<b>1.048</b>
<b>Total</b>								
Pública	2.997	1.250	422	339	986	21.846	13.086	34.932
Privada	799	325	60	90	324	8.664	5.380	14.044
<b>Total</b>	<b>3.796</b>	<b>1.575</b>	<b>482</b>	<b>429</b>	<b>1.310</b>	<b>30.510</b>	<b>18.466</b>	<b>48.976</b>

(1) refírese a centros específicos de educación especial e a centros ordinarios con unidades sustitutorias de educación especial  
Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

anterior, tanto no caso dos centros de ensino público (571 máis) como no caso dos centros privados (252). Pola contra, descende o número de profesores que compatibilizan a educación infantil e primaria coa secundaria nun 39,8% (834 profesores menos), producíndose este descenso tanto no caso dos centros públicos como privados.

### Educación secundaria: ESO, BUP e COU, FP

No curso 99/00 houbo un total de 981 centros de educación secundaria, que acolleron a 205.704 alumnos (un 8,9% inferior ó rexistrado no curso anterior), que representan o 48,1% dos

alumnos galegos e o 7% do total español, (7,1% no ano anterior).

Atendendo ós datos recollidos no antedito **cadro 4.5.4.**, o número de centros de **educación secundaria obrigatoria** (ESO) en Galicia foi de 594 (o 69,9%, 415 centros, son públicos), que supoñen o 6,1% do total de centros de ESO en España.

Comparado co curso anterior, descende o número de centros de ensino de ESO en Galicia, dende os 700 do curso 99/98 ata os mencionados 594 do curso 99/00. Este descenso prodúcese, case que na súa práctica totalidade, nos centros de ensino público, xa que dos 106 centros de

**CADRO 4.5.5.**
**Alumnos nos centros de ensino no curso 1999-00**

	Galicia					Total España		
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	CC.AA. con competencias	Territorio MEC	Total
<b>Ed. infantil</b>								
Pública	38.709	15.438	4.816	4.051	14.404	466.471	293.180	759.651
Privada	16.535	6.688	1.357	1.845	6.645	232.075	139.318	371.393
<b>Total</b>	<b>55.244</b>	<b>22.126</b>	<b>6.173</b>	<b>5.896</b>	<b>21.049</b>	<b>698.546</b>	<b>432.498</b>	<b>1.131.044</b>
<b>Ed. Primaria</b>								
Pública	102.744	40.294	13.776	10.963	37.711	1.061.735	623.575	1.685.310
Privada	42.501	16.899	3.602	5.019	16.981	508.476	332.779	841.255
<b>Total</b>	<b>145.245</b>	<b>57.193</b>	<b>17.378</b>	<b>15.982</b>	<b>54.692</b>	<b>1.570.211</b>	<b>956.354</b>	<b>2.526.565</b>
<b>Ed. Especial (1)</b>								
Pública	829	436	117	92	184	8.341	5.352	13.693
Privada	632	252	-	-	380	8.586	4.881	13.467
<b>Total</b>	<b>1.461</b>	<b>688</b>	<b>117</b>	<b>92</b>	<b>564</b>	<b>16.927</b>	<b>10.233</b>	<b>27.160</b>
<b>ESO 1º Ciclo</b>								
Pública	44.552	18.376	6.222	4.599	15.355	392.076	235.839	627.915
Privada	16.999	6.525	1.402	2.219	6.853	204.760	135.558	340.318
<b>Total</b>	<b>61.551</b>	<b>24.901</b>	<b>7.624</b>	<b>6.818</b>	<b>22.208</b>	<b>596.836</b>	<b>371.397</b>	<b>968.233</b>
<b>ESO 2º Ciclo</b>								
Pública	48.881	20.101	6.582	4.929	17.269	432.688	269.087	701.775
Privada	17.142	6.835	1.394	2.152	6.761	206.448	129.028	335.476
<b>Total</b>	<b>66.023</b>	<b>26.936</b>	<b>7.976</b>	<b>7.081</b>	<b>24.030</b>	<b>639.136</b>	<b>398.115</b>	<b>1.037.251</b>
<b> BUP e COU</b>								
Pública	35.269	15.453	4.123	3.915	11.778	134.356	47.583	181.939
Privada	7.795	3.669	258	1.170	2.698	38.328	61.903	100.231
<b>Total</b>	<b>43.064</b>	<b>19.122</b>	<b>4.381</b>	<b>5.085</b>	<b>14.476</b>	<b>172.684</b>	<b>109.486</b>	<b>282.170</b>
<b>Bacharelato LOXSE</b>								
Pública	8.503	3.777	1.432	339	2.955	218.790	185.434	404.224
Privada	182	109	73	-	-	66.868	13.168	80.036
<b>Total</b>	<b>8.685</b>	<b>3.886</b>	<b>1.505</b>	<b>339</b>	<b>2.955</b>	<b>285.658</b>	<b>198.602</b>	<b>484.260</b>
<b>Bacharelato Experimental</b>								
Pública	-	-	-	-	-	-	-	-
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Total</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>
<b>BUP e COU a distancia</b>								
Pública	3.581	1.540	542	501	998	13.616	11.924	25.540
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Total</b>	<b>3.581</b>	<b>1.540</b>	<b>542</b>	<b>501</b>	<b>998</b>	<b>13.616</b>	<b>11.924</b>	<b>25.540</b>
<b>Bach. LOGSE a distancia</b>								
Pública	-	-	-	-	-	2.137	2.773	4.910
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Total</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>2.137</b>	<b>2.773</b>	<b>4.910</b>
<b>F.P.I</b>								
Pública	-	-	-	-	-	-	-	-
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Total</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>
<b>F.P.II</b>								
Pública	19.616	9.147	2.744	2.257	5.468	82.998	24.745	107.743
Privada	3.184	1.273	-	157	1.754	25.770	13.581	39.351
<b>Total</b>	<b>22.800</b>	<b>10.420</b>	<b>2.744</b>	<b>2.414</b>	<b>7.222</b>	<b>108.768</b>	<b>38.326</b>	<b>147.094</b>
<b>C.F.G.M. /Mód. II</b>								
Pública	7.317	3.127	1.336	470	2.384	67.614	45.370	112.984
Privada	1.646	499	108	165	874	29.965	15.388	45.353
<b>Total</b>	<b>8.963</b>	<b>3.626</b>	<b>1.444</b>	<b>635</b>	<b>3.258</b>	<b>97.579</b>	<b>60.758</b>	<b>158.337</b>
<b>C.F.G.S. /Mód. III</b>								
Pública	8.413	3.462	1.174	667	3.110	63.319	49.341	112.660
Privada	1.485	476	10	-	999	24.373	11.406	35.779
<b>Total</b>	<b>9.898</b>	<b>3.938</b>	<b>1.184</b>	<b>667</b>	<b>4.109</b>	<b>87.692</b>	<b>60.747</b>	<b>148.439</b>
<b>C.F.G.M. /Mód. II a distancia</b>								
Pública	-	-	-	-	-	217	200	417
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Total</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>217</b>	<b>200</b>	<b>417</b>
<b>C.F.G.S. /Mód. III a distancia</b>								
Pública	-	-	-	-	-	357	474	831
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Total</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>357</b>	<b>474</b>	<b>831</b>
<b>Programas de Garantía Social (2)</b>								
Pública	841	428	58	99	256	11.648	10.964	22.612
Privada	425	167	-	97	161	5.703	6.760	12.463
<b>Total</b>	<b>1.266</b>	<b>595</b>	<b>58</b>	<b>196</b>	<b>417</b>	<b>17.351</b>	<b>17.724</b>	<b>35.075</b>
<b>Total</b>								
Pública	319.255	131.579	42.922	32.882	111.872	2.956.363	1.805.841	4.762.204
Privada	108.526	43.392	8.204	12.824	44.106	1.351.352	863.770	2.215.122
<b>Total</b>	<b>427.781</b>	<b>174.971</b>	<b>51.126</b>	<b>45.706</b>	<b>155.978</b>	<b>4.307.715</b>	<b>2.669.611</b>	<b>6.977.326</b>

(1) refírese ó alumnado de centros específicos e ó das aulas de Educación Especial en centros ordinarios. Non inclúe o alumnado de integración

(2) inclúe ó alumnado de Programas de Garantía Social impartidos en centros docentes e en actuacións fóra de centros

 Fonte: *Ministerio de Educación y Cultura*

CADRO 4.5.6.

Profesorado nos centros de ensino no curso 1999-00

	Galicia					Total España		
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	CC.AA. con competencias	Territorio MEC	Total
<b>Ed. Infantil e Primaria</b>								
Pública	11.828	4.608	1.736	1.307	4.177	102.491	62.856	165.347
Privada	2.923	1.123	212	290	1.298	38.425	21.159	59.584
<b>Total</b>	<b>14.751</b>	<b>5.731</b>	<b>1.948</b>	<b>1.597</b>	<b>5.475</b>	<b>140.916</b>	<b>84.015</b>	<b>224.931</b>
<b>Ed. Secundaria e FP</b>								
Pública	15.552	6.536	2.195	1.714	5.107	122.139	73.207	195.346
Privada	3.092	1.201	210	347	1.334	38.239	22.583	60.822
<b>Total</b>	<b>18.644</b>	<b>7.737</b>	<b>2.405</b>	<b>2.061</b>	<b>6.441</b>	<b>160.378</b>	<b>95.790</b>	<b>256.168</b>
<b>Ambos grupos de niveis (1)</b>								
Pública	602	144	84	61	313	4.072	9.809	13.881
Privada	659	238	71	89	261	4.209	5.760	9.969
<b>Total</b>	<b>1.261</b>	<b>382</b>	<b>155</b>	<b>150</b>	<b>574</b>	<b>8.281</b>	<b>15.569</b>	<b>23.850</b>
<b>Educación especial (2)</b>								
Pública	48	11	5	3	29	1.769	1.369	3.138
Privada	21	-	-	3	18	1.372	1.059	2.431
<b>Total</b>	<b>69</b>	<b>11</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>47</b>	<b>3.141</b>	<b>2.428</b>	<b>5.569</b>
<b>Total</b>								
Pública	28.030	11.299	4.020	3.085	9.626	230.471	147.241	377.712
Privada	6.695	2.562	493	729	2.911	82.245	50.561	132.806
<b>Total</b>	<b>34.725</b>	<b>13.861</b>	<b>4.513</b>	<b>3.814</b>	<b>12.537</b>	<b>312.716</b>	<b>197.802</b>	<b>510.518</b>

(1) refírese ó profesorado que compatibiliza o ensino en Ed. Infantil/Primaria e Ed. Secundaria/ Formación Profesional

(2) refírese ó profesorado de centros específicos de Ed. Infantil e de aulas de Ed. Especial en centros ordinarios

Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

CADRO 4.5.7.

Centros e alumnos de BUP, COU e bacharelato LOXSE a distancia 1999-00

	Centros			Alumnos			
	Total	BUP-COU	Bacharelato LOXSE	Total	BUP	COU	Bacharelato LOXSE
<b>Galicia</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>-</b>	<b>3.581</b>	<b>2.265</b>	<b>1.316</b>	<b>-</b>
A Coruña	2	2	-	1.540	980	560	-
Lugo	1	1	-	542	317	225	-
Ourense	1	1	-	501	306	195	-
Pontevedra	1	1	-	998	662	336	-
<b>Total España</b>	<b>99</b>	<b>64</b>	<b>35</b>	<b>30.450</b>	<b>14.486</b>	<b>11.054</b>	<b>4.910</b>
CC.AA. con competencias	39	25	14	15.753	7.983	5.633	2.137
Territorio MEC	60	39	21	14.697	6.503	5.421	2.773

Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

ensino menos, 105 corresponden a centros de ensino públicos, e só un, na provincia de Lugo, é un centro privado.

O número de alumnos matriculados en Galicia nos centros de educación secundaria obrigatoria en Galicia foi de 127.574, un 19,3% máis que no curso anterior. Estes escolares representan un 29,8% do total de alumnos galegos. O 73,2% dos estudantes de secundaria acude a centros públicos e o 26,8% restante, a centros privados.

En relación ós estudos de **BUP e bacharelato LOXSE**, en Galicia existen, tal e como reflicte o **cadro 4.5.4.**, 269 centros, que supoñen

un 6% do total de centros deste tipo de estudos en España. Do total dos centros de bacharelato, o 72,1% son centros públicos en tanto que o outro 27,9% son centros privados.

O número de alumnos matriculados en Galicia nos centros de bacharelato e COU ascendeu a 43.064, un 35,6% menos que no curso anterior, o que supón o 10,1% do total de alumnos galegos. O 81,9% dos alumnos de bacharelato acude a centros públicos e o 18,1% restante, a centros privados.

No que respecta ós centros que imparten **BUP e COU a distancia** e ó seu alumnado, o **cadro 4.5.7.** reflicte que existen en Galicia 5

## CADRO 4.5.8.

**Alumnos matriculados no sistema universitario  
1999-2001: primeiro e segundo ciclos <sup>(1)</sup>**

	Curso 1999-00	Curso 2000-01
A Coruña	26.148	26.035
Santiago	41.691	40.080
Vigo	30.946	29.754
<b>Total</b>	<b>98.785</b>	<b>95.869</b>

(1) Incluídos os alumnos dos centros adscritos  
Fonte: Dirección Xeral de Universidades

centros, que acollen a 3.581 alumnos (3.024 menos que no curso anterior), que supoñen o 5,1% e o 11,8% do total de centros e alumnos matriculados en España, respectivamente.

Atendendo á súa distribución provincial, os dous centros emprazados na provincia de A Coruña acollen o 43% do total de alumnos galegos matriculados nestes centros de educación a distancia, en tanto que o centro existente en Pontevedra acolle un 27,9% dos alumnos galegos destes centros.

No concernerente á **formación profesional**, no curso 99/00 funcionaron en Galicia 118 centros de FP, repartidos da forma que se amosa no **cadro 4.5.4**. Como se pode observar, tres cuartas partes corresponden a centros públicos e a cuarta parte restante, a centros privados.

Nestes centros de FP galegos estiveron matriculados 22.800 estudantes, o que representa un 5,3% do total de alumnos galegos. Deles, o 86% acude a centros públicos e o 14% restante, a centros privados. Comparado co curso anterior, o número de alumnos descende un 39,3%.

Xunto a todos estes centros funcionaron en Galicia, como amosa o devandito **cadro 4.5.4**, 37 centros de **educación especial** (dos que 15 son centros públicos), que supoñen un 4,9% do total de centros deste tipo de estudos en España. Destes 37 centros de ensino especial, 16 están na provincia de Pontevedra (dos que 12 son privados) e 15 centros (10 privados) en A Coruña. En Lugo e Ourense, tódolos centros de educación especial (4 e 2, respectivamente) son públicos.

Finalmente, os alumnos matriculados nos centros de educación especial no curso 99/00 foron 1.461 (representan o 0,3% do total de alumnos galegos), dos que o 56,7% acude a centros públicos e o 43,3% restante, a centros privados. Comparado co ano anterior, o devandito cadro reflicte que hai 9 alumnos máis neste último curso.

### Educación universitaria

Galicia conta con tres universidades –Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña–, que dispoñen de sete campus repartidos nas catro provincias. No curso 1999-00 matriculáronse en Galicia (**cadro 4.5.8**) un total de 98.785 alumnos e no curso 2000/01 un total de 95.869, é dicir, 2.916 alumnos menos. Este descenso no número de universitarios prodúcese nas tres universidades galegas, ó contrario do acontecido no curso 99/00, cando o número de alumnos matriculados en Vigo e A Coruña crecera.

A Universidade de Santiago de Compostela, con 40.080 alumnos matriculados no último curso académico, acolle ó 41,8% dos universitarios galegos, en tanto que a de Vigo ten o 31% e a de A Coruña, o 27,2% restante.

Para o curso académico 99/00 as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña ofertaron, respectivamente, 42, 47 e 40 titulacións, como recolle o **cadro 4.5.9**. No curso 2000/01, o número de titulacións foi de 41, 48 e 41, respectivamente. Obsérvase que case un 76% dos alumnos matriculáronse na súa primeira preferencia nese curso, cando no curso anterior, esa porcentaxe fora do 71,4%.

CADRO 4.5.9.

**Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 1999-00 e 2000-01:  
distribución segundo as súas preferencias**

	<b>Curso 1999-2000</b>					
	<b>A Coruña</b>		<b>Santiago</b>		<b>Vigo</b>	
	(40 titulacións)		(42 titulacións)		(47 titulacións)	
	alumnos	%	alumnos	%	alumnos	%
<b>1ª preferencia</b>	3.444	72,29	4.634	70,89	4.176	71,20
<b>2ª preferencia</b>	734	15,41	1.102	16,86	980	16,71
<b>3ª preferencia</b>	301	6,32	415	6,35	397	6,77
<b>Resto</b>	285	5,98	386	5,90	312	5,32
<b>Total (1ª,2ª, 3ª pref.)</b>	<b>4.479</b>	<b>94,02</b>	<b>6.151</b>	<b>94,10</b>	<b>5.553</b>	<b>94,68</b>

  

	<b>Curso 2000-2001</b>					
	<b>A Coruña</b>		<b>Santiago</b>		<b>Vigo</b>	
	(41 titulacións)		(41 titulacións)		(48 titulacións)	
	alumnos	%	alumnos	%	alumnos	%
<b>1ª preferencia</b>	3.366	76,36	4.450	76,41	3.727	74,81
<b>2ª preferencia</b>	566	12,84	830	14,25	739	14,83
<b>3ª preferencia</b>	277	6,28	334	5,73	283	5,68
<b>Resto</b>	199	4,51	210	3,61	233	4,68
<b>Total (1ª,2ª, 3ª pref.)</b>	<b>4.209</b>	<b>95,49</b>	<b>5.614</b>	<b>96,39</b>	<b>4.749</b>	<b>95,32</b>

Fonte: Comisión Universitaria de Galicia

CADRO 4.5.10.

**Alumnos matriculados no sistema  
universitario 1999-2001: terceiro ciclo**

	<b>Curso 1999-2000</b>	<b>Curso 2000-2001</b>
<b>A Coruña</b>	933	672
<b>Santiago</b>	1.450	1.445
<b>Vigo</b>	652	756
<b>Total</b>	<b>3.035</b>	<b>2.873</b>

Fonte: Dirección Xeral de Universidades

En relación ós cursos de terceiro ciclo, **cadro 4.5.10.**, no curso 99/00 inscribíronse nos cursos de doutoramento 3.035 estudantes, o que supón un 5,3% máis que no curso 00/01, cando se inscribiron un total de 2.873 alumnos. A universidade de Santiago de Compostela é a que máis alumnos acolle no terceiro ciclo, con 1.445 estudantes matriculados, seguida da universidade de Vigo e de A Coruña, con 756 e 672 doutorandos, respectivamente.

### Outros estudos non universitarios

Ademais dos habituais centros de educación xa analizados, existen outras institucións educativas como as escolas oficias de idiomas,

as escolas de arte, os conservatorios de música ou os centros de música e danza.

O **cadro 4.5.11.** amosa que no curso 2000-01 estes centros acollían un total de 41.063 alumnos ós que impartían clases 1.685 profesores. Atendendo á desagregación entre centros públicos e privados, o devandito cadro reflicte un descenso no número de alumnos nos centros públicos (3.362 alumnos menos) e un incremento (466 estudantes máis) para os privados.

O descenso de alumnos nos centros públicos conséntase en tódolos estudos non universitarios agás nas escolas de música, que contan con 534 matriculados máis que no curso anterior, ata chegar ós 5.628 estudantes no curso



## CADRO 4.5.11.

## Profesores e alumnos doutros estudos non universitarios 1999-00

	Curso 1999-00		Curso 2000-01	
	Alumnos	Profesores	Alumnos	Profesores
<b>Centros públicos</b>	<b>38.518</b>	<b>1.198</b>	<b>35.156</b>	<b>1.294</b>
Escolas oficiais de idiomas	22.115	249	20.877	267
Escolas de arte	1.978	125	1.632	126
Conservatorios de música	9.079	496	6.799	529
Conservatorios de danza	160	7	130	7
Escola de conservación e restauración	92	15	90	15
Escolas de música públicas	5.094	306	5.628	350
<b>Centros privados</b>	<b>5.441</b>	<b>337</b>	<b>5.907</b>	<b>391</b>
Centros privados de artes plásticas e deseño	37	16	100	17
Centros autorizados de música	2.126	125	2.035	134
Centros autorizados de danza	163	16	238	20
Escolas de música privadas	2.531	158	2.785	195
Escolas de danza privadas	584	22	749	25

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

2000-01. O maior descenso no número de alumnos prodúcese no caso dos conservatorios de música e das escolas oficiais de idiomas, con 2.280 e 1.238 matriculados menos, respectivamente. Estas dos modalidades de ensino non universitario acollen ó 78,7% do total dos alumnos nos centros públicos (27.676 estudantes).

No caso dos centros privados, ó contrario do acontecido nos públicos, aumenta o número de alumnos na maioría de ensinos (tan só descende no caso dos centros autorizados de música, con 51 alumnos menos). Salienta o incremento rexistrado nas escolas de música e de danza, onde o número de estudantes aumenta en 254 e 165 matriculados, respectivamente.

Os centros autorizados de música e as escolas de música son os que acollen o maior número de alumnos, con 2.035 e 2.785, o que representa o 82% do total de estudantes nos centros privados de ensino non universitario.

O número de profesores nos centros de ensino non universitarios rexistra un aumento e destaca o incremento no caso das escolas de música, tanto públicas (44 ensinantes máis) como privadas (con 37 novos docentes). ■

